



# 1<sup>o</sup> DE MAIO

TRABALLAR MENOS  
PARA TRABALLAR TODAS

Pola redución da xornada laboral  
e a eliminación das horas extras



@luckyMOLLY

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

@CGT

[rojoynegro.info](http://rojoynegro.info)

Confederación Xeral do Traballo

## Hai que esixir que se reparta o traballo e a riqueza

O **1º de Maio** sempre ten que ser un día reivindicativo e de loita como garantía dos dereitos: ao **traballo digno**; a unha **xornada laboral** que posibilite conciliar o traballo coa vida; a un **salario e prestacións sociais suficientes**, ben cando se ten emprego e tamén cando non se ten; a **pensións** adecuadas para vivir con dignidade, para loitar contra as reformas laborais, os desafiuzamentos ou as leis mordaza.

O **empobrecemento** material de millóns de traballadores e traballadoras, a través de mecanismos como o recorte masivo das rendas salariais, está a xerar **unha das sociedades máis desiguais do mundo**. Segundo datos do Banco de España, o 25% da poboación vivía xa en risco de pobreza ou exclusión social antes da pandemia. A situación cando esta termine pode ser catastrófica. Isto supón que 4,5 millóns de fogares non poden facer fronte a necesidades tan básicas como pagar un alugueiro ou unha hipoteca, manter quentes as súas casas ou sinxelamente comer todos os días.

**Catro millóns de persoas en paro**, ás que o Estado lles nega o seu dereito máis esencial como clase traballadora: o dereito a “gañarse a vida”. Tampouco lles recoñece o Estado o dereito a unhas **prestacións sociais** suficientes para vivir dignamente.

Fronte a iso, o ano pasado realizáronse case **25 millóns de horas extraordinarias**, das que **non se pagaron máis de 11 millóns**. E resulta especialmente demoledor o dato que no caso das mulleres máis da metade das horas extraordinarias non fosen retribuídas.

**A pandemia, ademais, evidenciou outras vergoñas do sistema**. Púxose o interese económico por encima da vida das persoas; protexéronse intereses particulares por encima das necesidades da inmensa maioría; algunhas administracións miraron cara a outro lado cando se incumprían sistematicamente distintos preceptos legais; manga ancha cuns e nada para o resto. **O sistema sanitario, ferido de morte tras as continuas privatizacións**, colapsou e, a teor dos feitos –que son túzaros–, a sanidade privada demostrou a súa enorme incapacidade.

**Veñen tempos difíciles, tempos convulsos, tempos onde os intereses das elites tratarán de impoñerse novamente á clase traballadora**. Con todo, non podemos permitir que a crise a paguen, unha vez máis, os e as de sempre. Porque sería intolerable que permitísemos, como sociedade, un novo rescate ás entidades financeiras mentres as condicións de vida da clase obreira seguen degradándose a velocidade de vertixe.

Este **1º de Maio** ten que seguir sendo o día en que millóns de traballadores e traballadoras digamos **basta** e enchamos as nosas vidas cotiás, non de sufrimento nin desesperación, senón de **Liberdade**, impoñendo a gobernos, empresarios e poderosos, outra **Orde Social**, outro sistema, onde a repartición do traballo e da riqueza, faga que unha **vida digna** para todas as persoas sexa posible aquí e agora.

**VIVA O 1º DE MAIO!**

**VIVA A LOITA DA CLASE TRABALLADORA!**

**Confederación Xeral do Traballo**

